

A PENSAR ...

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



O cerebro pódese adestrar para que funcione de xeito máis eficiente. Actualmente sábese que o cerebro se forma, se organiza e se desenvolve durante toda a vida; é o que se coñece como plasticidade cerebral e unha das súas repercusións é que as habilidades mentais/cognitivas se poden adestrar durante toda a vida.

Unha das formas mellores e máis divertidas é cos xogos para exercitar a mente/o cerebro. Eses xogos melloran a circulación de sangue cara ao teu cerebro, melloran o funcionamento cerebral e reducen os efectos do envellecemento. Aínda que os xogos melloran as habilidades cognitivas en xeral, algúns melloran capacidades de forma específica: memoria, concentración, atención, tempo de resposta, razoamento verbal e non verbal...

Aquí tes unha pequena mostra dalgún delesVamos alá!!!!

Un home esta ao principio dun longo corredor que ten tres interruptores, ao final hai un cuarto coa porta pechada. Un destes tres interruptores acende a luz dese cuarto, que esta inicialmente apagada. Como facer para coñecer que interruptor acende a luz percorrendo unha soa vez o traxecto do corredor?

1

3

Como facemos para que a vinte, agregándoo un 1 nos dea dezanove?

4

Multiplicando as cifras da miña idade, di Diego, o resultado é a metade desta. Cantos anos ten Diego?

6

Temos a Marta, Lisa e a Berta. Unha é futbolista, outra é ximnasta e outra nadadora. A ximnasta, a máis baixa das tres, é solteira. Marta, que é a sogra do Lisa, é máis alta que a futbolista. A que deporte se dedica cada unha?

COMENDO NO RESTAURANTE. Armando, Basilio, Carlos e Dionisio foron, coas súas mulleres, a comer. No restaurante, sentáronse nunha mesa redonda, de forma que:

- Ningunha muller se sentaba ao lado do seu marido.
- En fronte de Basilio sentábase Dionisio.
- Á dereita da muller de Basilio sentábase Carlos.
- Non había dúas mulleres xuntas.

Quen se sentaba entre Basilio e Armando?

8

SEIS AMIGOS DE VACACIÓNS. Seis amigos desexan pasar as súas vacacións xuntos e deciden, cada dous, utilizar diferentes medios de transporte; sabemos que Alejandro non utiliza o coche xa que este acompaña a Benito que non vai en avión. Andrés viaxa en avión. Se Carlos non vai acompañado de Darío nin fai uso do avión, podería dicirnos vostede en que medio de transporte chega ao seu destino Tomás.

2

5

Nun bar entra un home e pide un vaso de auga ao mozo. Este abre un caixón, saca unha pistola e apúntao á cara do cliente. O cliente primeiro queda sorprendido pero deseguida entende o que está a pasar... e agradécello! Que está a pasar?

Colocar un número en cada cadro dunha táboa de 3 filas x 3 columnas, tendo en conta que:



a) 2, 5, 6, están na horizontal superior.

b) 4, 7, 8, están na horizontal inferior.

c) 2, 3, 4, 6, 7, 9, non están na vertical esquerda.

7

Un explorador caeu en mans dunha tribo de indíxenas, propúxoselle a elección entre morrer na cacharela ou envelenado. Para iso, o condenado debía pronunciar unha frase tal que, se era certo, morrería envelenado, e se era falsa, morrería na cacharela. Como escapou o condenado á súa funesta sorte?

9

SOLUCIÓNS

1. Ao principio do corredor hai tres interruptores, A,B e C, o noso personaxe pulsa o interruptor A, espera 10 minutos, apágao, pulsa o B e atravesa o corredor. Ao abrir a porta pódese encontrar con tres situacións: Se a luz esta acendida o interruptor será o B. Se a luz esta apagada e a lámpada quente será o A. E se esta apagada e a lámpada fría será o C.
2. En coche.
3. Vinte en números romanos é XX ,si agregámoslle un un no medio quedanos XIX.
4. Diego ten 36 anos.
5. O home tiña impo.
6. Lisa está casada, polo que non pode ser ximnasta. Marta é máis alta que a futbolista, polo que tampouco pode ser ximnasta nin futbolista. Por eliminación, Berta é a ximnasta, Lisa é a futbolista e Marta é a nadadora.

5	2	6
1	9	3
8	4	7

- 7.
8. A muller de Dionisio.
Seguindo o sentido das agullas do reloxo, a colocación é a seguinte: Armando, muller de Dionisio, Basilio, muller de Armando, Carlos, muller de Basilio, Dionisio e muller de Carlos.
9. O condenado dixo: «MORREREI NA CACHARELA». Se esta frase é certa, o condenado debe morrer envelenado. Pero nese caso xa é falsa. E se é falsa, debe morrer na cacharela, pero neste caso é verdadeira. O condenado foi indultado.